

Sumario



EDITA
Concello de Betanzos

DESEÑO DA PORTADA
Luis Galán

IMPRIME E DESEÑA
Lugami Artes Gráficas

Colaboradores


José Raimundo Núñez Lendoiro

Ángel Arcay Barral

Guadalupe Martínez

Esther López Castro

M^a Luisa Pérez Iglesias







Saúdo da Reiredora



Betanzos, os betanceiros e betanceiras celebramos estes días a nosa 26ª Feira Franca Medieval, unha cita ineludible coa historia e consolidada como un dos eventos máis esperados e recoñecidos da nosa cidade e de Galicia.

Esta feira, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia, é moito máis que unha celebración: é unha auténtica manifestación de identidade, unha ponte entre o noso pasado e o noso presente, e un exemplo vivo de como a historia, a cultura e a participación cidadá poden unirse para crear algo verdadeiramente extraordinario. Durante uns días, Betanzos transfórmase nunha cidade medieval onde se entrelazan tradición, creatividade e convivencia.

A Feira Medieval soupo crecer ao longo destes anos grazas ao compromiso de Betanzos, dos betanceiros e betanceiras: asociacións, artesáns, comerciantes, voluntariado, persoal municipal e unha infinidade de persoas que, con ilusión e esforzo, fan posible esta cita máxica. Grazas a todos eles, Betanzos convértese nun referente dentro e fóra de Galicia, despertando o interese de visitantes que chegan desde todos os puntos da nosa comunidade e de moitas outras rexións de España, atraídos pola autenticidade desta proposta.

Os nosos recunchos históricos énchense de vida con mercados artesanais, espectáculos de rúa, exhibicións de oficios medievais, música, recreacións históricas e actividades para todas as idades. Todo iso enmarcado nunha contorna patrimonial de enorme valor que converte a experiencia en algo único e inesquecible. Convídevos a que vos deixedes levar pola maxia da feira, a redescubrir o noso casco histórico, e, aos que vides de fora, a gozar da hospitalidade que caracteriza ao noso pobo.

Sigamos traballando xuntas e xuntos para preservar esta tradición que xa forma parte da alma da nosa cidade.

María Barral Varela



Mércores, 9 de Sant Xago

20:30 h Na igrexa de Santa María do Azougue interpretación da obra poética O TRATADO DOS MESES de Bonvensin de la Riva por conta do grupo de teatro Noite Bohemia e dirixida por Javier Fernández Mariño. Esta obra narra a rebelión dos meses, encabezados por febreiro, contra xaneiro, o seu señor. Cada un dos meses vai describindo as actividades que lle son propias e que aparecen reflectidas no calendario agrícola do capitel da igrexa de Santa María do Azougue.

Xoves, 10 de Sant Xago

20:30 h Visitas guiadas para nenos e nenas polas rúas do Casco Histórico de Betanzos.



Ventres, II

de Sant Xago

15:00 h Remate da colocación das paradas de venta da XXVI edición da Feira Franca Medieval.

18:00 h Os/as artesáns/ás chegados/as de todos os lugares e recunchos de España abren as súas paradas para ofrecerlles o mellor das súas terras ás persoas que queiran mercar ou observar os seus produtos.

18:00 h Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira.

19:30 h Actuación do MAGO GONZÁLVEZ na praza da Constitución.

21:00 h O señor de Andrade honra a todos os seus vasalos coa chegada á praza da Constitución desta real cidade e solicítalle á ilustrísima señora rexedora a apertura da FEIRA FRANCA.

Nobres e campesiños presentarán as súas queixas e pedimentos ao señor de Andrade por medio do notario Xoán Branco e haberá danzas nobres e campesiñas coa colaboración da escola de danza DANZARTE e danzas moursas por conta das VOLUNTARIAS da Feira Franca Medieval. O pregón correrá por conta de **XAN MUNIN NEIRA, exprofesor de lingua e literatura galega do instituto Fco. Aguiar de Betanzos.**

Para rematar a ilustrísima señora rexedora da cidade de Betanzos abrirá a XXVI edición de FEIRA FRANCA MEDIEVAL de Betanzos.

23:00 h Na Praza dos Irmáns García Naveira os membros do CLUB DE BALONCESTO SANTO DOMINGO de BETANZOS representarán o incendio da cidade do século XVI cunha simpática carreira de bocois.

24:00 h Na praza da Constitución respresentación do espectáculo O EMBRUJO por conta da compañía HÍPICA CELTA. “O Embrujo” prende a noite cun ritual de lume, danza e malabares que nos mergulla nun mundo de maxia e emoción.

Durante toda a tarde haberá espectáculos de malabarismo, música, teatro, etc. Actuarán por toda a feira o grupo de música ACIBREIRA, os BRINQUEIROS, o Grupo TROULA ANIMACIÓN con espectáculos de percusión e lume e O FAUNO. Ao longo de toda a tarde haberá exhibición de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e de CETRARÍA na rúa Nova.

RECUNCHO INFANTIL da praza dos Irmáns García Naveira permanecerá aberto ata as 22:00 h co mesmo horario funcionarán o resto das atraccións para os rapaces e rapazas.

Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuíto, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 19:30 h e as 21:30 h no posto de información situado na praza dos Irmáns García Naveira.



Sábado, 12 de Sant Xago

11:30 h Apertura das paradas.

11:30 h Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira.

12:00 h Comezarán a percorrer a Feira os pasarrúas de MÚSICOS, CÓMICOS e MALABARES, así como o grupo de teatro LA RECUA.

12:30 h Actuación do MAGO GONZÁLVEZ no atrio de Santa María.

13:30 h Na praza da Constitución, chegada dos mouros ao mando de Yussuf Hammar para esixirlle á cidade de Betanzos as doncelas que ten que entregarlle ao califa de Córdoba. As mozas mouras que acompañan a Yussuf deleitaranos cunhas fermosas danzas.

17:00 h Apertura das paradas.

18:00 h Apertura do RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira.

19:00 h Revolución irmandiña coa proclama do mercador Afonso de Carballido, danzas campesiñas por conta da escola de danza Danzarte e a continuación actuación do grupo AZOUGUE da Escola Municipal de Folclore de Betanzos.

20:00 h Actuación do MAGO GONZÁLVEZ na Praza da Constitución.

24:00 h Na Praza da Constitución, espectáculo de pirotecnia, zancudos e lume por conta do grupo de teatro LA RECUA e representación dun Aquelarre.

Durante todo o día percorrerán a feira o grupo de música ACIBREIRA, os BRINQUEIROS, o grupo de teatro LA RECUA e O FAUNO. Haberá tamén exhibicións de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e de CETRARÍA na rúa Nova.

RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira desde as 11:00 h ata as 14:00 h e dende as 18:00 h ata as 22:00 h. Co mesmo horario funcionarán o resto das atraccións para os rapaces e rapazas.

Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuíto, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 19:30 h e as 21:30 h no posto de información situado na praza dos Irmáns García Naveira.



Domingo, 13 de Sant Xago

11:30 h Apertura das paradas.

11:30 h Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira.

12:30 h Actuación de KOTE MALABAR no adro de Santa María.

12:30 h Actuación do MAGO GONZÁLVEZ na praza da Constitución.

13:30 h Escena da expulsión dos leprosos que parten da praza dos Irmáns García Naveira interpretada pola xente colaboradora da organización e que rememora un feito histórico da cidade.

17:00 h Apertura das paradas.

18:00 h Apertura do RECUNCHO INFANTIL situado na praza dos Irmáns García Naveira.

18:00 h Torneo Medieval a cabalo na praza dos Irmáns García Naveira con exhibición dos cabaleiros ademais de CETRARÍA. Espectáculo de baile noble e campesiño a cargo da escola de danza DANZARTE.

20:00 h Actuación do MAGO GONZÁLVEZ no adro de Santa María.

20:00 h Actuación de KOTE MALABAR na praza da Constitución.

23:00 h Na praza da Constitución espectáculo por conta do grupo de teatro LA RECUA.

23:30 h Danzas Mouras por conta das mozas voluntarias de Betanzos e colaboradoras da organización.

Durante todo o día percorreren a feira o grupo de música ACIBREIRA, os BRINQUEIROS o grupo de teatro LA RECUA, e O FAUNO. Haberá tamén exhibicións de TIRO CON ARCO no adro de Santa María e CETRARÍA na rúa Nova.

RECUNCHO INFANTIL na praza dos Irmáns García Naveira desde as 11:00 h ata as 14:00 h e dende as 18:00 h ata as 22:00 h. Co mesmo horario funcionarán o resto das atraccións para os rapaces e rapazas.

Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuíto, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 18:30 h e as 20:30 h no posto de información situado na praza dos Irmáns García Naveira.

SERÁ NO ANO DE DEUS DE 2026 CANDO NOS VOLVAMOS A ATOPAR NA XXVII EDICIÓN DA FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANZOS.



Localización da Feira Franca



- PULPEIRA
- CERVEXERÍAS
- TORTAS CELTAS
- GASTRONOMÍA
- GRELLA/KEBAB
- WC QUÍMICOS





